

**FEBREIRO 2020**
*Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadía media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. Febreiro 2020*

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19
<b>VIAXEIROS</b>	6.477.431	7,8%	203.535	11,7%
<b>NOITES</b>	17.710.222	6,8%	382.586	13,8%
<b>ESTADÍA MEDIA</b>	2,73	-0,9%	1,88	1,9%
<b>% OCUPACIÓN</b>	51,00%	1,34	26,84%	2,48
<b>% OCUPACIÓN Fds</b>	55,54%	2,68	34,10%	2,68

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

- No pasado mes de febreiro rexístrase un incremento dos niveis de demanda hoteleira en Galicia en relación ao mesmo período do pasado ano. En particular, sobe a cifra de viaxeiros aloxados un 11,7% e o volume de noites un 13,8% en relación ao mes de febreiro de 2019.
- É o terceiro ano consecutivo –e quinto nos últimos seis- no que se incrementa a demanda hoteleira no conxunto da comunidade neste mes de febreiro, a taxas variables que acadan maior intensidade en 2016 e agora en 2020. Esta dinámica coloca o nivel final de demanda deste segundo mes do ano en preto de 383 mil noites, a cifra máis elevada dos últimos doce anos.
- No relativo ao volume de viaxeiros aloxados a evolución cambia. Neste caso son sete anos consecutivos de incremento neste segundo mes, a taxas variables, que sitúan a cifra final de 2020 en preto de 204 mil –neste caso a cifra máis elevada da serie histórica-.
- En termos de volume a variación da demanda tradúcese na xeración de máis de 21 mil viaxeiros aloxados e de máis de 46 mil noites en relación ao mes de febreiro de 2019.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento algo semellante pero de menor intensidade. No conxunto de España increméntase a cifra de viaxeiros aloxados un 7,8% e o volume de noites un 6,8% en comparación co mes de febreiro de 2019.
- Esta dinámica vén como consecuencia dos crecementos rexistrados na maior parte das comunidades autónomas, a taxas variables e con diversa intensidade. En particular, sobe o nivel de demanda en todas elas agás en dúas en concreto: Murcia –que presenta unha caída inferior ao 1% interanual- e Cataluña –cun descenso do 2,4% neste caso-.
- A Rioxa –cun incremento do 26,8%- e Asturias –cunha suba do 22,2%- son os destinos de mellor comportamento relativo neste segundo mes do ano, isto é, os que presentan as maiores taxas de crecemento. Seguen en orde de importancia Castela e León –cunha suba do 15,9%- por diante dun grupo formado por Aragón, Galicia e Estremadura que presentan un incremento por encima do 13% interanual.
- No lado contrario o destino que presenta o incremento de menor intensidade é a C. Valenciana, cun 3,7% interanual.

- En termos de viaxeiros aloxados a situación é relativamente parella. Incrementábase neste caso en todas as comunidades con diversa intensidade, sendo o crecemento máis notorio e acusado en A Rioxa –supera nun 21% a cifra do pasado ano- e máis leve en Cataluña –por debaixo do 1% interanual neste caso-.
- Consólidase neste mes de febreiro a serie de crecementos consecutivos da demanda que se viñan rexistrando desde novembro de 2018 –coa excepción da caída rexistrada en marzo do pasado ano-. Son, por tanto, quince meses case consecutivos de comportamento positivo que xeran crecemento global nas tres temporadas –alta, media e baixa-.
- Canarias –con máis de 5,4 millóns de pernoctacións hoteleiras- é o destino que lidera o mercado turístico hoteleiro neste mes de febreiro –absorbendo o 30,6% do total estatal-. Acontece isto novamente nun mes de temporada baixa igual que acontecía en xaneiro e tamén en 2019 –cando Canarias lideraba o mercado hoteleiro a nivel estatal nos primeiros e últimos meses do ano, concretamente de xaneiro a abril e logo en novembro e decembro-.
- Logo de Canarias, seguen en orde de importancia neste mes Andalucía –con 3,0 millóns de pernoctacións-, Cataluña –con preto de 2,4 millóns-, Madrid –con preto de 1,9 millóns- e a C. Valenciana –con máis de 1,6 millóns neste caso-. Só estas cinco comunidades absorben en conxunto ao 81% do total da demanda hoteleira de España. A porcentaxe restante repártese no resto do territorio.
- Galicia ocupa neste mes a novena posición –por detrás das cinco anteriores e de Baleares, Castela e León e Aragón- representando o 2,2% do total estatal.
- En termos de mercado obsérvase un comportamento positivo e homoxéneo dos tres grandes segmentos.
- O turismo interno –aquele representado polos residentes en Galicia- incrementábase neste mes de febreiro, un 7,5% en particular, como consecuencia da combinación de crecementos parellos tanto da cifra de viaxeiros residentes como da estadia media. Sobe a demanda interna por cuarto ano consecutivo, circunstancia que coloca o nivel final deste ano en 143 mil noites –a cifra máis elevada da década-.
- O mercado receptor nacional –aquele conformado polos españois procedentes doutras comunidades autónomas- rexistra un notable incremento neste mes superando nun 11,7% a cifra de viaxeiros españois e nun 12,6% o volume de noites de febreiro de 2019. Neste caso son tres os anos consecutivos de crecemento do mercado receptor nacional en Galicia neste mes de febreiro, circunstancia que coloca o nivel final de 2020 en preto de 167 mil noites –a cifra máis elevada desde o 2008-.
- O turismo internacional presenta igualmente un comportamento positivo e de notable intensidade. Rexistra neste mes un incremento do 32,3% tanto da cifra de viaxeiros estranxeiros coma do volume de noites. Contrasta este incremento coa caída rexistrada no pasado ano –do 9,9%- mais da continuidade a serie de crecementos consecutivos dos catro anos anteriores. Desta maneira son, por tanto, cinco anos case consecutivos de evolución positiva do mercado internacional en Galicia neste segundo mes, circunstancia que eleva a cifra final deste 2020 a preto de 73 mil noites –a cifra máis elevada da serie histórica-.

- Neste mes o peso do turismo internacional sitúase no 19,0% do total da demanda hoteleira, cifra propia dun mes de temporada baixa que neste ano se sitúa como máximo da serie histórica, isto é, nunca antes o mercado internacional conseguira acadar esta cuota no mes de febreiro.
- O segmento de maior peso neste mes é o mercado receptor nacional –supón o 43,6% do total da demanda hoteleira-. O turismo interno sitúase no 37,4% do total neste caso. Ambas porcentaxes son bastante parecidas ás rexistradas no pasado mes de xaneiro.
- A nivel territorial obsérvase, con carácter xeral, un comportamento positivo da demanda hoteleira con crecementos nas catro provincias de Galicia. En particular, incrementábase o volume de noites un 19,3% en A Coruña, un 8,9% en Lugo, un 22,4% en Ourense e un 4,5% en Pontevedra, porcentaxes referidas ás pernoctacións que veñen como consecuencia esencialmente de crecementos parellos da cifra de viaxeiros aloxados.
- Con preto de 185 mil noites hoteleiras, A Coruña é a provincia que absorbe o maior volume de demanda no conxunto da comunidade –representando o 48,3% do total-. Acontece isto neste mes –igual que en xaneiro e tamén no primeiro semestre e nos meses de outubro, novembro e decembro de 2019- Na temporada media e baixa é A Coruña a provincia de maior volume e peso no conxunto de Galicia.
- Seguen en orde de importancia neste mes Pontevedra –co 27,9%-, Lugo –co 12,3%- e Ourense –co 11,5% neste caso-. Con esta distribución obsérvase que o 76% da demanda localízase nas provincias do arco atlántico sendo que practicamente a metade xa se concentra só na provincia de A Coruña.
- A estadía nos hotéis e pensións de Galicia incrementábase levemente neste mes de xaneiro –un 1,9% en particular- situándose en preto de 1,9 noites de media. Son neste caso tres anos consecutivos de mellora da estadía media hoteleira na nosa comunidade neste mes de febreiro, circunstancia que permitiu mellorar nunha décima e media a cifra de 2017. Con isto ademais a nosa comunidade marca a cifra máis elevada desde o 2013.
- A estadía media hoteleira de Galicia sitúase nunha posición media no conxunto do Estado. Canarias marca o valor máis elevado con 6,6 noites de media, mentres que Castela A Mancha rexistra a cifra máis baixa, por debaixo de 1,6 noites neste caso.
- O incremento dos niveis de demanda prodúcese nun contexto de estabilidade da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas mantense practicamente nos niveis do pasado ano-, circunstancia que permite mellorar o nivel de ocupación –sobe en 2,5 puntos porcentuais para situarse no 26,8% de media para este mes-. Son neste caso sete os anos consecutivos de crecemento e mellora do nivel de ocupación hoteleira en Galicia no mes de febreiro circunstancia que eleva a porcentaxe final deste 2020 ao 26,8% -a cifra máis elevada desde o 2008 e que supera en oito puntos o dato de 2012-.
- A pesar deste incremento en comparación coas restantes comunidades autónomas Galicia rexistra a porcentaxe de ocupación máis baixa do conxunto do Estado. Os hotéis e pensións de Canarias rexistran unha vez máis a cifra máis elevada cun 72,4%, por diante de Madrid cun 55,6% neste caso.
- As tarifas hoteleiras en Galicia soben neste segundo mes do ano –nun 2,9% en particular- situándose en 52,3 euros de media –a cifra máis baixa de todas as comunidades autónomas-. Canarias é o destino que presenta as tarifas hoteleiras máis elevadas neste mes de febreiro con

105,7 euros de media. Acadan tamén cifras importantes, por encima da media estatal, Cataluña – con 98,9 euros- e Madrid –con 89,4 euros neste caso-. Son tres as comunidades que se sitúan por encima da media estatal, que neste mes queda nos 83,6 euros de media.

- Os prezos hoteleiros melloran en boa parte das comunidades autónomas –trece en particular- sendo Aragón o destino que rexistra o incremento de maior intensidade –do 9,2% interanual-. Descenden en cambio nos catro restantes –sendo Cataluña o que presenta o descenso máis acusado-.
- En termos dinámicos son tres os anos consecutivos de crecemento das tarifas hoteleiras en Galicia no mes de febreiro, a taxas variables, que colocan a cifra final deste 2020 na máis elevada de cando menos esta década.
- A mellora dos niveis de ocupación neste mes de febreiro –froito dun crecemento da demanda-, prodúcese, por tanto, nun contexto de suba das tarifas hoteleiras. Isto leva a que neste mes os establecementos hoteleiros de Galicia melloren os niveis de rendibilidade en relación ao mesmo período de 2019 –o RevPAR sobe un 9,8% ata situarse en 17,1 euros de ingreso medio por habitación dispoñible, a cifra máis elevada da década que ao mesmo tempo se sitúa como a máis baixa do conxunto do Estado-.
- Os establecementos hoteleiros de Canarias –con 86,1 euros de ingreso medio por habitación dispoñible- son os que presentan un maior nivel de rendibilidade neste mes de febreiro. Sitúanse por diante das restantes comunidades entre as que destacan Madrid e Cataluña –con 62,9 e 56,1 euros respectivamente-. Galicia marca no lado contrario o nivel de rendibilidade máis baixo con 17,1 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.
- En termos dinámicos obsérvase un comportamento positivo a nivel das comunidades autónomas sendo maioría –catorce en total- as que superan os niveis do pasado ano –Asturias marca o incremento máis notorio cun 21,9% interanual-. O RevPAR hoteleiro mantense estable en Baleares e descende nas dúas restantes –Murcia e Cataluña-.

## ANEXO – GRÁFICAS DE APOIO

Fig. 1. Evolución noites hoteleiras. Febreiro 2011-20




Fig. 2. Peso dos mercados turísticos. Febreiro 2020




Fig. 3. Variación da demanda segundo a procedencia. Febreiro 2020




Fig. 4. Variación da demanda a nivel territorial (provincias). Febreiro 2020




Fig. 5. Evolución da estadia media. Febreiro 2011-20




Fig. 6. Evolución das tarifas hoteleiras (ADR). Febreiro 2011-20




Fig. 7. Evolución da rendibilidade hoteleira (RevPAR). Febreiro 2011-20

